



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Cod. Centro: 15032686
Lg. Esperela, s/n
15168 Mosteirón – Sada (A Coruña)
T 881.880.973 FAX 881.880979
@ceip.mosteiron@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmosteiron/>

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Proxecto Lector



CEIP Plurilingüe O
Mosteirón



CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN LEXISLATIVA.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO.

3. OBXECTIVOS.

- Xerais.
- Específicos.

4. CRITERIOS METODOLÓXICOS.

5. PARTICIPACIÓN DO EQUIPO DOCENTE.

6. RECURSOS MATERIAIS.

7. ACTUACIÓNS DESTINADAS Ó FOMENTO DA LECTURA, DA ESCRITURA E DAS HABILIDADES NO USO, TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DA INFORMACIÓN, EN APOIO DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

- Actividades de centro a nivel xeral.
- Actividades para Educación Infantil.
- Actividades para Educación Primaria.

8. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS.

9. A BIBLIOTECA COMO LUGAR DE LECTURA, TRABALLO E FONTE DE INFORMACIÓN.

10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

1. INTRODUCCIÓN.

A xustificación legislativa da aparición do Proxecto Lector (PL) aséntase, por unha banda, no antigo Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establecía o currículo de Educación Primaria en Galicia no artigo 6º,4 no que se salientaba a necesidade de elaborar e aplicar no centro un Proxecto Lector coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, e no actual decreto que regula o currículo de Educación Primaria en Galicia, o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, que no seu artigo 18, que establece que *“os centros docentes deberán incluír dentro do seu Proxecto Educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que se integren as actuacións destinadas ó fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na Programación Xeral Anual.”*

A lectura é a chave da información, da cultura, do mundo da ficción, da fantasía... A lectura é un dos obxectivos clave da escola, primeiramente a lectura mecánica e despois a lectura comprensiva. A lectura comprensiva non será un obxectivo a conquistar exclusivamente nas áreas de lingua xa que está implicada en todas as áreas, posto que en todas se necesita que se comprendan as explicacións e o significado dos textos escritos. A comprensión lectora pode considerarse como a base de calquera aprendizaxe axudando en todo caso ao desenvolvemento persoal do alumno.

As concepcións sobre a lectura e os métodos e actitudes cara a mesma son moi variados e non sempre consensuados entre todos. Polo tanto, é importante contar cuns principios básicos sobre a lectura asumidos por todo o claustro, os cales nos leven a considerar a lectura como a base de toda aprendizaxe e entendela dun xeito globalizador abarcando todas as áreas curriculares.

O Decreto 105/2014 do 4 de setembro que establece o currículo de Educación Primaria reflexa que *“a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, e é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera fonte e formato.”*

Asimesmo, este decreto tamén fai referencia ó papel da biblioteca escolar *“como instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe e como punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo, ademais de estimular os intercambios culturais no centro.”*

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

2. ANÁLISE DO CONTEXTO.

O CEIP Plurilingüe O Mosteirón, trátase dun colexio situado na parroquia de San Nicolao – Mosteirón, pertencente o concello de Sada. É de destacar que no concello hai outros dous colexios públicos.

O centro consta de tres unidades de Educación Infantil (4º, 5º e 6º) e doce de Educación Primaria (2 por nivel).

Os institutos de referencia para a secundaria do CEIP Plurilingüe O Mosteirón son o IES O Mosteirón (ubicado no mesmo recinto que o CEIP) e o IES Isaac Díaz Pardo, situado no centro do concello.

O equipo docente está formado maioritariamente por persoal definitivo o que permite unha continuidade na liña educativa a seguir.

Como norma xeral, as familias están implicadas na educación dos seus fillos e valoran o ensino regrado como punto base para o futuro dos nenos e nenas.

O alumnado deste centro presenta unhas características singulares tales coma un uso importante da lingua castelá, unha situación socioeconómica e cultural media e nalgúns casos alta e posibilidade de acceder a diferentes actividades de ocio fóra do colexio.

Os nosos alumnos polo xeral teñen un bo nivel lector e na maioría dos casos hai unha estimulación positiva por parte das familias.

A comprensión lectora dos textos tamén é bastante boa. No caso dos nenos con certos problemas no razoamento, comprensión ou lecto-escritura, trátase de favorecer o proceso de comprensión lectora facilitándolles libros axeitados ás súas capacidades e necesidades.

Poténciase moito a lectura a nivel de biblioteca de aula, con intercambio de libros entre eles, facendo un seguimento riguroso e temporalizado de cada libro lido.

Nótase unha certa preferencia nos alumnos en coller libros escritos en castelán. Incídese neste tema recomendando a alternancia de lecturas en castelán e galego para poder así acadar as

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

mesmas competencias nas dúas linguas; e tamén motivando ós nenos a coller libros en inglés, dado o carácter plurilingüe do centro.

3. OBXECTIVOS.

Xerais:

- a) Empregar a lectura como instrumento para a construción persoal de saberes, para organizar o propio pensamento e para aprender a resolver conflitos e a convivir.
- b) Garantir a paulatina capacitación dos alumnos nas competencias básicas que se pretenden acadar cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.
- c) Capacitar aos alumnos para saber enfrentarse a calquer tipo de texto: literario, informativo, científico...
- d) Dotar ao alumno de posibilidades de manipular indistintamente as dúas linguas oficiais da comunidade, o galego e o castelán, atendendo tamén a inmersión nas linguas estranxeiras.
- e) Considerar a biblioteca do centro como lugar de lectura, fonte de información e aprendizaxe, facendo que sexa un espazo necesario no transcurrir diario do proceso de ensino-aprendizaxe.
- f) Espertar nos nosos alumnos o gusto pola lectura de todo tipo de textos.
- g) Asegurar que o alumnado ao final da etapa de Educación Primaria teña adquirido o hábito lector e que conte coas estratexias necesarias para considerárense bos lectores.
- h) Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento do hábito lector.

Específicos:

Educación Infantil

- Fomentar o interese pola lectura.
- Enfocar a lectura como unha actividade pracenteira.
- Favorecer a comprensión lectora coa axuda de imaxes.
- Iniciar ao alumnado no proceso da lecto-escritura.

1º e 2º nivel da Educación Primaria

- Adquirir a mecánica lecto-escritora.
- Desenvolver habilidades de comprensión lectora.
- Proporcionar ao alumnado diferentes tipos de textos e en diferentes soportes.
- Favorecer a creación propia de texto escrito.
- Fomentar actitudes de interese pola lectura.
- Iniciar no uso autónomo da biblioteca.



CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

3º e 4º nivel da Educación Primaria

- Ler con fluidez, entoación, puntuación e velocidade correctas.
- Ler e representar diferentes tipos de textos: poéticos, teatrais, narrativos...
- Facer inferencias das lecturas.
- Desenvolver unha actitude crítica ante os contidos dos diferentes textos.
- Coñecer a organización e funcionamento da biblioteca escolar.
- Iniciarse na búsqueda autónoma de información a través dos distintos soportes.
- Traballar a composición propia de distintos tipos de textos: descrições, narracións, opinións...

5º e 6º nivel da Educación Primaria

- Afianzar a lectura individual comprensiva e silenciosa.
- Expresarse por escrito con coherencia, orde e claridade.
- Identificar a estrutura de diferentes tipos de textos.
- Identificar nos textos o punto de vista do autor, a información oculta, o dobre sentido, a ironía...
- Comprender textos provenientes da publicidade, dos xornais, de Internet...
- Entender a lectura como unha actividade necesaria para enriquecerse culturalmente e como fonte de lecer.
- Colaborar nas tarefas de dinamización da biblioteca.

4. CRITERIOS METODOLÓXICOS

- ✓ É importante que se actúe conxuntamente para fomentar no alumnado unha cultura da lectura e inculcarlle a idea de que, aínda que ler require un esforzo, é gratificante.
- ✓ Convén practicar a lectura en voz alta, pois esta axuda á comprensión e permítenos comprobar se o alumno comprende ou non o que le. Ademais a lectura en voz alta mellora a dicción, a capacidade de expresarse en público con soltura e axuda ao alumno a vencer a timidez e o medo ao ridículo.
- ✓ O profesorado debe establecer unhas estratexias comúns para traballar a comprensión lectora tales como: esmiuzar os textos ata conseguir a súa comprensión, non conformarse con que repitan ou memoricen os textos, comprobar sistematicamente se comprenden, analizar o vocabulario, cambiar os hábitos de clase de xeito que se fomenta o hábito de preguntar e consultar o que non entenden, facer que o alumnado entenda a importancia que ten para a súa aprendizaxe o feito de comprender ben o que le e acostumbralo a empregar o dicionario e invitar a que se esforce en deducir o significado dunha palabra polo seu contexto ou a partir da súa etimoloxía.



CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- ✓ Debemos compartir estratexias e recursos todo o claustro.
- ✓ Non esquecer que a finalidade última do Proxecto é implicar ao alumnado na lectura; polo tanto, debemos esforzarnos en buscar fórmulas atractivas e motivadoras.
- ✓ Atenderemos aos principios de flexibilidade, participación, globalización, progresividade e interese dos alumnos.
- ✓ Empregarase o conto e o cómic como instrumentos fundamentais de motivación e de aprendizaxe.
- ✓ Potenciarase o desenvolvemento de habilidades no uso, tratamento e produción da información en apoio da adquisición das competencias clave.
- ✓ Daráselle unha especial relevancia á biblioteca do centro como espazo para diferentes actividades de lectura: contacontos, representacións teatrais, lecturas colectivas, visita de autores ou debuxantes...

5. PARTICIPACIÓN DO EQUIPO DOCENTE

Para a posta en práctica do Proxecto Lector de Centro, todo o claustro participará de forma activa. O equipo docente procurará implicarse nas actividades relacionadas coa adquisición do hábito lector e terá en conta na súa área a aplicación, na medida do posible, o proposto neste Proxecto Lector.

O Equipo de Biblioteca encargárase da dinamización da mesma, sendo os seus membros os que propoñan as distintas actividades que se levarán a cabo anualmente. Para realizar esta planificación, manteranse reunións nas horas destinadas á dinamización da biblioteca escolar, cando sexa posible e en reunións fóra do tempo lectivo.

Un mestre deste Equipo asumirá a función de responsable da biblioteca escolar destinando un número de horas semanais exclusivas para a dedicación á mesma dentro do horario lectivo, segundo a flexibilidade horaria da que se dispoña.

Asimesmo todos os mestres do Equipo de Biblioteca contarán con horas no seu horario lectivo para colaborar nas tarefas de xestión e organización.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

6. RECURSOS MATERIAIS

A biblioteca do centro conta con diversos tipos de materiais:

- Material impreso: libros, revistas, cómics, publicacións periódicas e xornais.
- Material audiovisual: ordenadores, pantalla, DVD, tabletas, conexión a Internet.

As aulas tamén están dotadas con este tipo de recursos para fomentar o proceso lecto-escritor.

7. ACTUACIÓNS DESTINADAS Ó FOMENTO DA LECTURA, DA ESCRITURA E DAS HABILIDADES NO USO, TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DA INFORMACIÓN, EN APOIO DA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A relación do Proxecto Lector coa adquisición das competencias básicas que propón a LOMCE está sobradamente xustificada xa que a adquisición das mesmas está intimamente relacionada coa lectura posto que esta é necesaria en toda aprendizaxe que se realice. Tales competencias relaciónanse coa expresión, coa comunicación, coas relacións interpersoais, co desenvolvemento persoal... e a lectura inclúe habilidades que permiten buscar, recopilar, procesar información e ser competente para comprender, compoñer e usar distintos tipos de textos escritos e isto é fundamental en calquera área curricular.

Actividades tipo de centro a nivel xeral:

- ❖ Semana da Prensa.
- ❖ Mochilas viaxeiras.
- ❖ Visita á biblioteca municipal.
- ❖ Actividades do Equipo de Dinamización Lingüística relacionadas coa temática do Proxecto Lector.
- ❖ Celebración do Día do Libro.
- ❖ Contacontos.
- ❖ Concursos de escritura de relatos.
- ❖ Taboleiros con diferentes temas.
- ❖ Pautas a familias sobre como fomentar o hábito lector.
- ❖ Os tiores levarán a cabo na aula actividades relacionadas coa adquisición de técnicas de estudo e comprensión de textos escolares.
- ❖ Desde a biblioteca propoñeranse actividades de fomento da lectura:
 - encontros con autores, ilustradores, contacontos,...
 - homenaxes a escritores determinados
 - etc.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Actividades tipo para Educación Infantil:

- Identificación do seu nome.
- Lectura de contos, poemas, adiviñas,...
- Poñer título e texto a debuxos, contos de imaxes...
- Facer dramatización de contos.
- escoita de contos no ordenador, nun CD...
- Ilustración de contos.
- Elaboración de libros viaxeiros.
- Lectura e traballo con pictogramas.
- Diferenciación das partes do libro.

Actividades tipo para Educación Primaria:

- Manipular libremente libros na biblioteca.
- Organizar exposicións de libros preferidos.
- Lectura na biblioteca en voz alta de contos.
- Elaboración de murais sobre contos.
- Organizar pequenas representacións de diferentes tipos de textos.
- Promover o intercambio de libros propios entre os alumnos.
- Organizar por aulas o rincón de lectura donde poden ir os alumnos que rematan as distintas tarefas de clase.
- Elaborar fichas de lectura.
- Elaborar guías de lectura recomendadas por ciclos.
- Confeccionar unha lista de libros recomendados para o verán.
- Establecer 20 minutos diarios de lectura individual e silenciosa na aula.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

8. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS E OUTROS ORGANISMOS

É importante implicar ás familias nas actividades deseñadas en relación ao fomento da lectura. Así propoñeranse xuntanzas de pais/nais/titores legais a nivel de ciclo ou etapa coa finalidade de explicar como adquirir o hábito lector.

Asimesmo facilitarase a participación nas actividades propostas a nivel de Concello que teñan a lectura como eixe vertebral. Tamén se acollerá calquera actividade proposta pola ANPA encamiñada a conquistar os obxectivos propostos no Proxecto.

9. A BIBLIOTECA COMO LUGAR DE LECTURA, TRABALLO E FONTE DE INFORMACIÓN

Ante a necesidade de resposta ás novas esixencias que aparecen no sistema educativo e ós avances dados na sociedade da información, contéplase a biblioteca como un centro de recursos materiais e intelectuais, unha infraestrutura necesaria para a innovación e o desenvolvemento curricular.

Segundo o *Manifesto da Biblioteca Escolar, UNESCO (1999)*, para mediar nas bibliotecas escolares débese:

- Crear e fomentar nos rapaces o hábito e o gusto por ler, por aprender e para utilizar a biblioteca ao longo da súa vida.
- Ofrecer oportunidades para crear e usar a información coa fin de adquirir coñecementos así como comprender, entreterse e desenvolver a imaxinación.
- Ensinar ao alumnado habilidades para avaliar e utilizar a información en calquera soporte, formato ou medio.

Enténdese a biblioteca como un espazo educativo común a toda a comunidade educativa no que se facilita a aprendizaxe, o desenvolvemento persoal e a creatividade. A biblioteca considerase como un lugar no colexio que proporciona pracer e disfrute da actividade de ler.

9.1. Obxectivos xerais da biblioteca escolar:

- Axudar, segundo os intereses do alumnado e do profesorado, a conseguir acadar as competencias básicas nos procesos de ensinanza- aprendizaxe.
- Implicar a todo o profesorado para incorporar a biblioteca como centro de recursos nas actividades de estudo cotiás.
- Facilitar a formación de usuarios para que cada día sexan máis autónomos, saiban manexar os fondos e o seu paso pola biblioteca sexa máis gratificante.



CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Fomentar alumnos lectores autónomos.
- Dar a coñecer ao alumnado o funcionamento da Biblioteca e os recursos que esta oferta.
- Dotar á biblioteca dos fondos axeitados, de forma efectiva, para facilitar a aprendizaxe nas distintas áreas en materias do currículo de todo o alumnado.

9.2. Obxectivos específicos da biblioteca escolar:

- Adquirir novos fondos documentais para a renovación, reforzo e actualización.
- Potenciar a presenza e uso de publicacións periódicas.
- Mellorar o nivel de formación dos usuarios a través de actividades neste lugar, a edición de materiais de consulta e mediación en soporte impreso e dixital.

9.3. Organización da biblioteca escolar:

A biblioteca do centro está organizada seguindo dous criterios:

a) Por idade do alumnado:

- de 3 a 5 anos: zona azul
- de 6 a 8 anos: zona vermella
- de 8 a 12 anos: zona verde

b) Criterio temático:

Na zona azul e vermella:

- sección de animais
- sección de clásicos
- sección de medo/terror

Na zona verde:

- coleccións
- temáticas variadas

A biblioteca conta con dous armarios con andeis que ofrecen temática variada para todos os niveis clasificadas nos andeis segundo:

- Información
- Biografías
- Poesía
- Animais
- Natureza
- Fábulas e lendas
- Outros países e culturas
- Historia



CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Física e investigación
- Crear
- Nadal
- Xogos
- Mitoloxía
- Deportes
- Paz
- Teatro
- Relixión

Outros dous armarios da biblioteca albergan material de consulta: dicionarios e coleccións enciclopédicas.

Un quinto armario comparte o material bibliográfico en inglés coa comiteca.

O Quisco está composto por andeis nos que atopamos revistas de suscripción: Leo-Leo, Caracola, Reportero DOC, OKAPI, English Junior,...

No centro da biblioteca contamos cun mostrador no que se sitúan cintas de vídeo, D.V.D, C.D; así como material elaborado polos propios nenos que tamén atopamos nun bál. O rexistro de libros catalógase no sistema MEIGA creando unha ficha técnica coa materia

Non empreñamos a clasificación CDU para facilitar ós usuarios a utilización da biblioteca mediante a temática representada por símbolos nas zonas azul e vermella e mediante número na zona verde.

A biblioteca é tamén un dos lugares no que se poden realizar proxeccións, posto que nela está ubicada unha pantalla, e atópanse rexistrados, nun apartado especial, un amplo número de cintas de vídeo, D.V.D. e material didáctico que é empregado como apoio educativo nas diferentes áreas e clases.

A biblioteca tamén conta con tabletas nas que se poden realizar actividades relacionadas coa lectura e a escritura.

Para o uso da biblioteca escolar cada curso ten asignado un horario para as actividades de animación á lectura, investigación e proxeccións audiovisuais.



CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Fomentárase que a biblioteca do centro interactúe coa aula, levando exemplares para traballar nas clases durante un mes, trimestre, curso... segundo o requira a programación das actividades a realizar.

A ambientación da biblioteca está axeitada á idade dos nosos alumnos tendo un rincón de lectura específico para o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria. Debido á ubicación da biblioteca no segundo andar do edificio escolar, ó alumnado da etapa de Educación Infantil facilítaselle o material da biblioteca nun carro viaxeiro, coa temporalización e temática que suxiran as mestras-titoras.

O principal obxectivo que se prantexa é fomentar o hábito lector, adquirindo así o gusto pola lectura.

9.4. Funcionamento da biblioteca escolar:

Para que a biblioteca funcione como centro neurálxico da actividade docente, establécense unhas pautas de actuación recollidas nos documentos do centro: PE e Programación Xeral Anual. A Dirección deberá velar polo bo funcionamento da biblioteca escolar e confeccionar os horarios do profesorado e, na medida do posible, garantir que a biblioteca conte cos recursos humanos suficientes para o seu funcionamento, así como asegurar o seguimento do Plan Anual de Biblioteca.

A biblioteca deberá funcionar tendo sempre en conta as esixencias das dúas etapas educativas que se imparten no centro, dos seus respectivos currículos e da metodoloxía próxima aos principios de lei.

Para o seu funcionamento debemos ter en conta os seguintes aspectos:

- Continuar coa elaboración dun horario de Biblioteca onde incluír unha sesión semanal para cada grupo/clase a cargo do titor/a correspondente.
- Dentro dos horarios de Dinamización de Biblioteca contemplárase, no posible, dedicar unha sesión semanal para cada integrante do Equipo de Biblioteca e tamén para o/a responsable.
- O/a responsable de biblioteca debe coordinar o Equipo de Biblioteca e, con el, elaborar o Plan Anual da Biblioteca, establecer estratexias de formación de usuarios e fomento da lectura, xestionar, clasificar e catalogar os fondos.
- A biblioteca manterase aberta para o alumnado durante os recreos, supervisada por un/a mestre do Equipo de Biblioteca e por un grupo establecido de escolares voluntarios,



CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

preferentemente do 5º e 6º de Educación Primaria. Neste tempo poderanse acometer outras actividades ademais do préstamo.

Establécese a seguinte ratio para a Biblioteca:

- 25 alumnos no caso de estar a biblioteca supervisada por un só membro do Equipo de Biblioteca
- 35 alumnos no caso de estar a biblioteca supervisada por 2 membros do Equipo de Biblioteca.
- Os encargados da biblioteca serán prioritariamente: os mestres membros do Equipo de Biblioteca, os mestres-titores (cando estean a desenvolver unha actividade) e o Equipo de alumnos- colaboradores, sempre supervisados por un adulto.
- Facilitarase a apertura da biblioteca fóra de horario escolar (en horario de 15:20 a 17:20 horas).
- Procurar o contacto con outras bibliotecas do contorno, tales como a municipal e as de outros concellos limítrofes; como canle para a solicitude e intercambio de libros, programación e desenvolvemento de actividades, coñecemento de novas propostas, etc.
- Favorecer o asesoramento e formación dos axudantes da biblioteca.
- Realización da avaliación do noso proxecto, para modificar as actuacións erróneas.
- As actividades propias para a organización da biblioteca a ter en conta son: revisión de libros, selado, rexistro, organización e sinalización por idades, colocación nos andeis segundo a temática, pegado de etiquetas, realización de préstamos, catalogación en MEIGA, exposición e oferta segundo centros de interese e celebracións,...

En relación coa xestión, para unha mellor actuación, o Equipo de Biblioteca deberá establecer unhas canles concretas:

- Catalogar todos os fondos dentro do programa “Meiga”.
- Renovación dos fondos máis deteriorados polo uso.
- Facer propostas para a adquisición de fondos e de equipamento.
- Familiarizar ao Equipo de Biblioteca cos programas de xestión técnica e a organización de préstamos.
- Xestionar a apertura da mesma en horario extraescolar (de 15:20 a 17:20 horas).
- Promover actividades de dinamización con sectores da comunidade.
- Dotar ós diferentes ambientes ou recunchos da biblioteca para lugar de estudo ou consulta.
- Manter correctamente sinalizados os andeis coa fin de facilitar a localización de determinados volumes e a súa posterior reubicación.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

9.5. Actuacións da Biblioteca escolar en diferentes campos:

a) **Fomento da lectura:**

A lectura non se debe limitar ás horas de biblioteca, de aí que existan os préstamos, as mochilas viaxeiras, os contacontos, creación de clubs de lectura para reunirse periodicamente, de maneira persoal ou virtual, sobre comentarios dun libro previamente elixido; intervencións de teatro con monicreques e creación de concursos varios.

Ó longo do curso levaranse a cabo diversas actividades distribuídas para os distintos trimestres:

Temporalización	Previsión de tarefas
1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Apertura de biblioteca e préstamo nos recreo. - Formación de <i>alumnos-colaboradores</i> de 5º e 6º de Educación Primaria, durante os recreos, para encargarse dos préstamos. - Elaboración de marcapáxinas persoais para solicitar os préstamos. - Selección de lecturas encamiñadas a adquisición e desenvolvemento das competencias básicas. - Actividades do <i>Samaín</i>: exposición e oferta de volumes que traten a temática do terror, ambientación con motivos decorativos, cabazas e música adaptada, traballos de investigación relacionados coa temática e exposición no taboleiro da biblioteca. - Actividades relacionadas co <i>Nadal</i>: exposición e oferta de libros relacionados con estas datas, ambientación con panxoliñas, decoración con motivos navideños, visionado de películas (Pesadilla antes de Navidad, Una navidad con Mickey, etc), redacción de cartas e postais. - Suxestións de lecturas ás familias.
2º Trimestre.	<ul style="list-style-type: none"> - Encontros con autores. - Mochilas viaxeiras. - A Semana da Prensa: exposición e oferta de xornais. - Día do Medio Ambiente: exposición e oferta dos volumes que traten esta temática.
3º Trimestre.	<ul style="list-style-type: none"> - Día da árbore: exposición e oferta de volumes que traten esta temática. - Día mundial da auga: exposición e oferta de volumes que traten esta temática. - Día do libro e Día das Letras galegas: homenaxe a autores,



CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

	investigación sobre autores, visita de autores, contacontos, ... Contacontos, todos os luns ao longo do curso e a diario na semana das Letras Galegas.
--	---

b) Apoio ao estudo ou outras actividades dende a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais.

A través da biblioteca poderase previr a exclusión social mediante a proposta de actividades de integración e socialización. Permitirá o acceso a recursos para o desenvolvemento cultural, no caso do alumnado en situación sociocultural e económica deficiente, así como ó alumnado inmigrante.

c) Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital.

Dado que na sociedade actual os nosos alumnos/as consumen gran parte do seu tempo de lecer no uso das distintas tecnoloxías dixitais, a cultura do papel está a desaparecer nas novas xeracións.

Dende os centros educativos, en concreto dende as bibliotecas escolares, o material impreso debe sobrevivir, polo que os educadores proporán aos alumnos variadas experiencias de aprendizaxe empregando todos os medios impresos e tecnolóxicos dos que dispón a nosa sociedade.

Actividades, tales como: lectura de libros, emprego de enciclopedias e dicionarios, escritura de textos, visualización de vídeos, búsqueda de datos na Internet, elaboración de arquivos multimedia, creación de webs, participación no blog do Centro como recurso de difusión, comunicacións por e-mail e foros..., resultarán valiosas para os nosos alumnos, a nivel cognitivo e emocional.

Por esta razón introducimos o uso de ferramentas tecnolóxicas, facilitando a súa presenza en todos os ámbitos da escola e servindo como plataforma da xestión do coñecemento, para desenvolvemento dos proxectos educativos.

d) Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.

Desde a páxina web do centro, blogue e a plataforma MEIGA.

e) Educación para o acceso a información:

O Centro conta co *Plan de Integración das Tecnoloxías da Información e da comunicación* onde se recollen, como obxectivos relacionados ao acceso e tratamento da información :

- Dotar ao alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
- Utilizar as tabletas como medio de información, investigación, integración, cooperación i expresión das propias ideas.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Potenciar a comunicación cos iguais.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas nas diversas redes de colaboración, como a Internet.

O responsable do Equipo TIC é o encargado de manter actualizadas as tabletas da biblioteca con material relacionado coa lectura e escritura.

f) Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro. Dende os Programas de Innovación Educativa do Centro darase especial importancia ao fomento da lectura e comprensión de textos.

- Programa PROA: lévanse a cabo actividades de lectura extensiva e intensiva dentro da aula (contos, fábulas, historietas) e fóra (lecturas elixidas polo alumnado ou suxeridas polo profesorado).
- Programa Voz Natura: o alumnado, ao longo do curso, realiza traballos de documentación e investigación para traballar aspectos relacionados con temas da natureza.

g) Xestión técnica e organización.

- Accións de xestión da infraestrutura bibliotecaria, entre elas: organizar e manter en bo estado as instalacións e o seu equipamento, manter en lugares visibles as normas de uso da biblioteca, xestionar a compra de materiais, ...
- Accións de xestión dos materiais determinando procesos e criterios de adquisición, conservación e expurgo dos mesmos; desenvolver instrumentos de busca e localización (catálogo e rotulación) así como rexistrar, catalogar e clasificar os materiais de nova adquisición, preparalo fisicamente mantendo o catálogo actualizado; funcións a realizar nunha sala anexa.
- Accións de xestión do servizo de préstamo sobre a xestión de préstamos de materiais, o control sobre a súa circulación e a elaboración dun inventario actualizado dos materiais.
- Accións de planificación e avaliación da xestión da Biblioteca mediante a realización dun plan de acción anual e da avaliación do estado das infraestruturas bibliotecarias existentes, revisando periodicamente o fondo documental que se plasmará na memoria anual.
- Ampliar/ equilibrar o fondo de Biblioteca.

Necesidade	Pasos a seguir	Responsables	Temporaliz.
Detección das necesidades	Elaborar cuestionarios. Achea de catálogos actualizados.	E.B. e Titores.	1º trimestre.
Adquisición de libros.	Revisión dos cuestionarios. Revisión das propostas.	E.B.	Curso.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Expurgo de libros obsoletos/ deteriorados.	Por comprobación.	E.B. e Titores.	Curso.
A procura do equilibrio.	Reconto/ porcentaxe de libros por temáticas.	E.B.	Curso.

* E.B. refírese ao Equipo de Biblioteca.

- Garantir a dispoñibilidade dos documentos

Necesidade	Pasos a seguir	Responsables	Temporaliz.
Reorganizar o espazo físico.	Distribución do mobiliario, creación de recunchos e decoración.	E.B.+ alumnado colaborador.	1º Trimestre.
Clasificación dos novos fondos.	Distribuílos por centros de interese.	E.B.	Curso.
Tratamento dos novos documentos.	Rexistro, selado e forrado.	E.B.	Curso.
Mantemento da sinalización da Biblioteca.	Sinalización dos andeis por cores/ pictogramas.	E.B.	1º e 2º trimestre.
Aplicar o Programa MEIGA.		E.B.	Curso.
Sinalizar no Centro a ubicación da Biblioteca.	Elaboración de carteis indicadores da ubicación da Biblioteca.	E.B. + alumnado colaborador.	1º trimestre.

*E.B. Equipo de Biblioteca

- Difundir os fondos e promover a súa circulación.

Necesidade	Pasos a seguir	Responsables	Temporaliz.
Definir as modalidades de préstamo.	1. A aulas mensual ou bimensualmente. 2. A alumnos quincenalmente. 3. De 2 libros en períodos de vacacións, agás no mes de xuño e durante o verán. 4. A Profesores.	1, 2,3. E.B. 4. O/a interesado/a.	Curso.
Xestionar os documentos de aula.	Todos os documentos da Biblioteca de Aula estarán rexistrados na Biblioteca Escolar.	E.B.	Curso.
Elaborar e difundir guías de lectura.	Realizar Guías de Lectura, respectando a temática e a	E.B.	Curso.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

	transversalidade.		
Difundir as actividades de Biblioteca e as novidades.	Actualización do taboleiro da Biblioteca.	E.B.	Curso.
Contabilizar préstamos.	Contabilizar e informar das obras máis demandadas.	E.B.	Curso.
Realizar concursos, campañas, visitas con autor para animación á lectura.	Deseñar trimestralmente campañas para premiar ao maior lector con temas de interese reais.	E.B.	Trimestre.

* E.B. Equipo de Biblioteca.

- Ampliar as posibilidades de uso pedagóxico da Biblioteca Escolar.

Necesidade	Pasos a seguir	Responsables	Temporaliz.
Promocionar actividades literarias no Centro.	1. Encontros con autores/as. 2. Libro-forum. 3. Campañas de Animación á Lectura.	1. E.B. 2,3. Titores.	1. Curso. 2. Unha/dúas veces no curso. 3. Curso.
Promover a convivencia entre biblioteca e aula.	Información ós mestres do sistema de organización dos fondos.	Responsable.	Nos primeiros meses do 1º trimestre.
Establecer canles de comunicación coa Biblioteca Municipal e as Bibliotecas públicas.	Intercambio de fondos. Elaboración, no posible, de actividades conxuntas.	Responsable.	Curso.
Difundir o funcionamento do Programa de Biblioteca para a formación de usuarios e a formación documental.	Procurar unha utilización óptima do Programa.	E.B.	Curso.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

9.6. Criterios e procedementos de avaliación

O Equipo de Biblioteca, a comezos de curso, propónse uns obxectivos que avaliará sobre a marcha para modificalos se fose preciso, e dar resposta ás dificultades atopadas. O procedemento a seguir será a observación directa e indirecta. Garantírase, a maiores, unha avaliación global trimestral, segundo os criterios de organización e as actuacións desenvolvidas.

O Equipo de Biblioteca reunirase trimestralmente co fin de: analizar necesidades, realizar propostas, promover suxestións para a adquisición de fondos e equipamento, revisar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos e realizar estratexias de colaboración coa Biblioteca do Concello e bibliotecas escolares da zona.

10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN CO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

Teremos en conta para avaliar o proceso lector:

- Se os nenos se ven motivados coas actividades que se lles propoñen.
- O grao de participación nas actividades propostas.
- Progreso por aulas na mecánica e comprensión lectoras.
- Rexistro trimestral do responsable da biblioteca dos préstamos feitos.
- Revisión periódica dos libros da biblioteca.